

LOCKE. TEORÍA POLÍTICA. LIBERALISMO. CONTRACTUALISMO.

SECOND TREATISE OF GOVERNMENT. AN ESSAY CONCERNING THE TRUE ORIGINAL, EXTENT AND END OF CIVIL GOVERNMENT

SEGUNDO TRATADO SOBRE O GOBERNO. UN ENSAIO SOBRE A VERDADEIRA ORIXE, ALCANCE E O FIN DO GOBERNO CIVIL

1. A ORIXE DO PODER POLÍTICO: O CONTRATO SOCIAL.

- XÉNESE DO PODER POLÍTICO: **CONSENTIMENTO** (*MUTUAL CONSENT, AGREEMENT*): "... politic societies all began from **voluntary union**, and the **mutual agreement** of men **freely** acting..."
- **LIBERDADE CIVIL**: DA QUE DISFRUTAN OS INDIVIDUOS NA COMUNIDADE POLÍTICA (*CIVIL SOCIETY, POLITICAL SOCIETY*) COMPATIBLE COA **OBDIENCIA VOLUNTARIA** A UNHA AUTORIDADE PÚBLICA. OBRIGACIÓN VOLUNTARIAMENTE ACEPTADA DE SOMETERSE Á DECISIÓN DA MAIORÍA. "The liberty of man, in society, is to be under no other legislative power, but that established, by **consent**, in the common-wealth..."

2. O LÍMITE DO PODER POLÍTICO: A LEI E OS DEREITOS NATURAIS INDIVIDUAIS.

- **OBDIENCIA** (POLÍTICA) Á LEI BASEADA NA **VOLUNTARIEDADE**.
- LEI E **PROTECCIÓN BENS** (*GOODS*) OU **PROPIEDADES** INDIVIDUAIS (*PROPERTIES*): VIDA, LIBERDADES, PERTENZAS. "...where there is **no law**, there is **no freedom**..."
- LEI GARANTÍA DOS **DEREITOS NATURAIS** DOS INDIVIDUOS (XA EXISTENTES NO **ESTADO DE NATUREZA** PREVIO Á CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE CIVIL POR MEDIO DUN CONTRATO SOCIAL): **DEREITO A GOZAR OU DISFRUTAR DA VIDA, AS LIBERDADES E AS POSESIÓNS**.
- LEI ESCRITA, PROMULGADA, PÚBLICA, AUTORIDADE LEXISLATIVA, **PODER LEXÍTIMO VS. TIRANÍA**, PODER ILEXÍTIMO: SOMETEMENTO A UN PODER ABSOLUTO, A UNHA

VONTADE ARBITRARIA E CAPRICHOSA. “Where-ever law ends, tyranny begins...”

- **LÍMITE DO PODER POLÍTICO**: TODOS OS INDIVIDUOS ESTÁN SOMETIDOS Á **LEI**, TAMÉN O GOBERNANTE (*REX NON EST SUPRA LEX*).
- **DEREITO DE RESISTENCIA** Á FORZA ILEXÍTIMA, INXUSTA E ILEGAL, QUE AMEAZA OS DEREITOS NATURAIS. “...resisting all unlawful exercises of his power...”, “their laws, and with them their estates, liberties, and lives are in danger...**resisting illegal force...**”

3. A **FINALIDADE** DA SOCIEDADE CIVIL: A **PROTECCIÓN** DOS **DEREITOS NATURAIS** DOS INDIVIDUOS.

- OBXECTIVO, FINALIDADE DO PODER POLÍTICO: **PROTECCIÓN+SEGURIDADE DOS BENS OU PROPIEDADES** INDIVIDUAIS (VIDA, LIBERDADES, PERTENZAS).
- **GARANTIZAR OS DEREITOS NATURAIS** DOS INDIVIDUOS (DEREITO Á VIDA, AS LIBERDADES E POSESIÓNS).
- OS HOMES ÚNENSE **VOLUNTARIAMENTE** NAS SOCIEDADES POLÍTICAS PARA **ASEGURAR OS SEUS DEREITOS NATURAIS E SALVAGARDAR AS SÚAS PROPIEDADES**.
- “The great and chief end, therefore, of men’s uniting into **common-wealths**, and putting themselves under government, is **the preservation of their property**.” “... to have that **safety** and **security** in **civil society...**”